

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trece de outubro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 3 de outubro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZAS DE OBRAS

- María Jesús Diéguez Diéguez

ANTECEDENTES

1. Dona MARÍA JESÚS DIÉGUEZ DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Paredes, parroquia de

Santa Mariña de Pescoso, solicitou con data 14 de agosto de 2023 (RE-E núm. 466) licenza municipal de obras para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de Paredes, parroquia de Santa Mariña de Pescoso.

2. Achégase proxecto técnico básico, visado polo colexio correspondente (██████████, do 14/08/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
3. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A ampliación de explotación de vacún proxectada sitúase nunha parcela clasificada como “solo rústico de protección forestal” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a ampliación dunha explotación de vacún de leite existente mediante a ampliación do cortello e da fosa de xurro existentes. A ampliación da explotación realizarase na mesma parcela onde se sitúan algunhas das edificacións existentes que forman parte da explotación actual. O cortello, a fosa de xurro e os silos situados na parcela contan con licenza municipal e a corte de recría dispón de recoñecemento de existencia de explotación agrícola ou gandeira.

5. Non se pretende ampliar a capacidade da explotación pero si dispoñer de máis aloxamento para os animais, xa que as instalacións actuais non resultan suficientes para o número de animais existentes. A capacidade máxima da instalación, logo da ampliación proxectada, non se varía, sendo de 91,60 UGM.
6. As obras proxectadas pretenden conseguir unha maior eficiencia e modernización no proceso de produción de leite coa instalación dun robot de muxido e obter unha maior capacidade de almacenamento de xurro coa ampliación da fosa. Co proxecto tamén se pretende executar a cuberta da fosa de xurro existente.
7. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de CENTO OITENTA E DOUS MIL SETENTA EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (182.070,27 €).
8. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
9. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
10. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	██
Inscripción no Rexistro da Propiedade	██
Refª catastral da parcela	36047A028000440000PB
Superficie da parcela	24.426 m ²
Uso autorizado	Ampliación de explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	1.043,18 m ²

11. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
12. Por Resolución de data 29 de setembro de 2023 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████).
13. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
14. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 29/09/23, informa de xeito favorable o proxecto (expediente núm. ██████████).
15. Con data 10/10/23 (RS núm. 625) achégase ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra o proxecto de prevención e defensa contra incendios forestais da instalación proxectada, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, aos efectos de xustificar o cumprimento das medidas de aplicación establecidas no artigo 23.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
16. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
17. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
18. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas

urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.

19. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona MARÍA JESÚS DIÉGUEZ DIÉGUEZ licenza municipal de obras para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de Paredes, parroquia de Santa Mariña de Pescoso, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico, visado polo colexio correspondente (██████████, do 14/08/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade

impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

- d) Previamente ao inicio das obras deberá achegarse o proxecto de execución, redactado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.
- e) As fachadas e as cubertas das edificacións e construcións existentes na parcela deberán de pintarse coas mesmas cores de acabado que as das edificacións proxectadas, aos efectos de que, en cumprimento do establecido polo artigo 39 c) da LSG, resulten acordos coa paisaxe rural e as construcións do contorno.
- f) A presente licenza queda condicionado ao cumprimento dos condicionantes que, de ser o caso, puidera impoñer o Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en aplicación das medidas establecidas no artigo 23.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de TRES MIL SEISCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (3.641,40 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de NOVECENTOS DEZ EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (910,35 €).

- Iván Vázquez Senra

ANTECEDENTES

1. Don José Antonio López Sierra, na representación que acredita no presente expediente de Don IVÁN VÁZQUEZ SENRA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Vistuíde, parroquia de San Cristovo do Az, solicitou con data 23 de xuño de 2023 (RE-E núm. 374) licenza municipal para ADAPTACIÓN

DE CEBADEIRO DE PORCINO, con emprazamento no lugar de Vistuíde, parroquia de San Cristovo do Az.

2. Achégase proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ■■■, do 17/03/23 e anexos de datas 13/09/23 e 06/10/23), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Antonio López Sierra.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A solicitude para ampliación de explotación de porcino proxectada sitúase en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a adaptación das instalacións dunha explotación de porcino existente para reacondicionar o cebadeiro de porcino. A explotación conta con actividade anterior ao ano 1983 e unha das construción do cebadeiro existente, que se utilizaba para albergar o gando, sufriu un colapso dos paramentos e da cuberta, resultando inviable a súa recuperación, segundo se fai constar no proxecto presentado.
5. As obras proxectadas consisten na construción dunha nova zona de cebo como ampliación da explotación existente e unha fosa de xurro. Proxéctase tamén unha pequena construción

destinada a aseo. A capacidade da explotación despois das obras terá un censo máximo de 1.400 animais, segundo se indica no proxecto.

6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de TRESCENTOS DEZASETE MIL DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS (317.237,00 €).
7. A solicitude de ampliación fórmúlase ao amparo da D.T. 4ª da LSG, a cal indica que, nas construcións e instalacións situadas en solo rústico destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais que existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, obras de conservación e reforma, así como ampliacións sen superar o 50% do volume orixinario da edificación, sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 da LSG, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria e forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para mellorar a protección da paisaxe.
8. As instalacións existentes dispoñen de licenza municipal de obras para legalización de cebadeiro de gando porcino, outorgada a Don Egidio Rogel González pola Comisión de Goberno Municipal do Concello de Rodeiro de data 24 de xuño de 2002. A ampliación proxectada non supera o 50% do volume das instalacións existentes, segundo se xustifica no anexo XIII do proxecto presentado.
9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	████████████████████
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Refª catastral da parcela	36047A027001110000PM

Superficie da parcela	11.021 m ²
Uso autorizado	Adaptación e ampliación de explotación de porcino
Superficie ocupada en planta	Ampliación: 1.015,40 m ²

10. A explotación de porcino obxecto da solicitude de licenza figura inscrita no rexistro oficial de explotacións porcinas dende o 15 de agosto de 1976, cunha capacidade máxima autorizada para 1400 cebos (168 UGM), segundo certificado emitido, en data 10/10/2023, polo Servizo de Gandería de Pontevedra da Consellería do Medio Rural. A ampliación proxectada solicítase ao amparo do artigo 15.3 do Real Decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e modifícase a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.
11. No presente caso, a capacidade máxima da explotación proxectada é de 1.400 animais, segundo se indica no apartado 1.1 da memoria descritiva do proxecto, capacidade que coincide coa máxima autorizada polo Servizo de Gandería segundo o seu certificado de data 10/10/2023; polo tanto, a explotación, despois da ampliación proxectada, non varía a súa capacidade e non cambia de grupo, non superando o límite de capacidade produtiva do grupo no que está clasificada.
12. A certificación que obra no expediente acredita o cumprimento das distancias esixidas polo Real Decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, dado que os asentamentos de poboación existentes a unha distancia inferior aos 1.000 metros da instalación proxectada (lugares de Vistuíde, Vilameá e Vilarmaior, pertencentes á parroquia de San Cristovo do Az; e lugares de Saa e Paredes, pertencentes á parroquia de Santa Mariña de Pescoso) non teñen a consideración de casco urbano, de conformidade co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (DOG núm. 28, do 09/02/17).

13. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
14. Por Resolución de data 27 de setembro de 2023 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████).
15. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
16. Figura no expediente o preceptivo informe favorable emitido, con data 23 de agosto de 2023, polo Servizo de Explotacións Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
17. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
18. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
19. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
20. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don IVÁN VÁZQUEZ SENRA licenza municipal para ADAPTACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO, con emprazamento no lugar de Vistuíde, parroquia de San Cristovo do Az, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ■, do 17/03/23 e anexos de datas 13/09/23 e 06/10/23), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Antonio López Sierra, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Deberá manterse a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria.
- e) Deben adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias.

- f) Ao obxecto de que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir a mellor protección da paisaxe deberán de pintarse os cerramentos exteriores de todas as construcións e edificacións existentes na mesma cor que as fachadas das edificacións proxectadas e as cubertas das edificacións existentes en cor vermello.
- g) Deberán de pintarse os muros, vigas e piares das construcións proxectadas que resulten visibles dende o exterior na mesma cor que as fachadas das edificacións proxectadas.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SEIS MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (6.344,74 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de MIL CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (1.586,18 €).

3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, en data outubro de 2023, cun importe global de CINCUENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (56.264,07 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓	Execución por contrata:	52.308,00 €
✓	Honorarios de proxecto:	1.758,25 €
✓	Honorarios dirección de obra:	1.758,25 €
✓	Honorarios coordinación de seguridade e saúde	439,57 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 06/10/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos

efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

4.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Infórmase á Xunta de Goberno Local da Orde do 25 de setembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se convoca para o ano 2023 (DOG núm. 190, do 05/10/23), e a conveniencia de solicitar a axuda para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local para a colaboración na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial nun Concello como o noso deficitario en tecido empresarial e pouco dinámico no eido socioeconómico.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha axuda económica na contía que corresponda segundo o establecido no artigo 4º da Orde da convocatoria para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local.

Segundo.- Aprobar a memoria-proxecto que desenvolverá o axente de emprego e desenvolvemento local, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo ao orzamento municipal, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Facultar ao alcalde para que, na representación desta entidade local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- XXIX EDICIÓN DA XUNTANZA DA TERCEIRA IDADE

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da conveniencia de proceder á celebración dunha nova edición da tradicional Xuntanza da Terceira Idade, e propón para a súa celebración o vindeiro venres día 20 de outubro do corrente.

Mantense o copagamento do xantar, distinguindo entre os destinatarios principais da xuntanza (maiores de 65 anos e beneficiarios de pensións públicas) e os demais interesados en participar, sendo os custes restantes do xantar nos supostos subvencionados, así como o da totalidade das actividades complementarias ao mesmo, aboados integramente polo Concello.

O Sr. secretario-interventor manifesta que descoñece o gasto previsto para o desenvolvemento da actividade, ao non lle ser facilitado polos órganos de goberno municipais o orzamento previsto da mesma, o que impide emitir informe en relación á existencia de consignación orzamentaria axeitada, previa a adopción do acordo de gasto pertinente. Porén, pon de manifesto que os datos da contabilidade municipal amosan unha evidente limitación na consignación da partida orzamentaria de aplicación do orzamento prorrogado en vigor (231/226), cunha alta porcentaxe de gasto xa comprometido, o que podería derivar nunha eventual nulidade do gasto que se dispoña e a interposición, de ser o caso, de reparos suspensivos ás facturas que se presenten polo citado concepto.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a XXIX Edición da Xuntanza da Terceira Idade o vindeiro día 20 de outubro de 2023.

Segundo.- Establecer, para o financiamento compartido do custe do xantar, as seguintes cotas:

- Maiores de 65 anos empadroados no Concello: 10,00 €.
- Menores de 65 anos empadroados no Concello que perciban algunha prestación con cargo ao sistema público de pensións (xubilación, invalidez, orfandade, RISGA ou equivalente): 10,00 €.
- Interesados en xeral: importe íntegro do xantar (30,00 €).

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que dispoña o necesario para a organización e desenvolvemento da Xuntanza programada.

6.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DO LUGAR DE TRASULFE, PARROQUIA DE FAFIÁN

VISTO o escrito presentado por Don Luís Presas Guerra, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Trasulfe, parroquia de Fafián (RE núm. 1657, do 06/10/23), polo que, na representación da Comisión de festas do lugar de Trasulfe, parroquia de Fafián, solicita unha axuda económica do Concello para a festa patronal celebrada o pasado día 16 de xullo do corrente, na honra de San Bieito. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE I”, INCLUÍDO NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación do servizo de “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024 (expediente núm. [REDACTED]).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE I” á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de TRINTA E CINCO MIL OITENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (35.083,53 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico (separata Fase I – anualidade de 2023), aprobado no seu día por este órgano, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde durante a súa execución á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso.

8.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DUN TRAMO DUNHA CUBERTA NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL “MANUEL LAMAZARES””

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación del presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa á “*promoción da cultura e equipamentos culturais*”, segundo o establecido no artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida ao efecto pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2022 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 13, do 19/01/23).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DUN TRAMO DUNHA CUBERTA NO

CENTRO CULTURAL MUNICIPAL “MANUEL LAMAZARES” á sociedade INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN DE EXPLOTACIONES GANADERAS (ICEXGA) S.L.U., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Xinzo de Limia (Ourense), ao prezo de VINTE MIL CATROCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (20.495,43 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado polo arquitecto Don Fernando Ferro Cruz.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar director da obra ao facultativo redactor do proxecto.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)